



A Universidade de Santiago de Compostela a través do *Observatorio da Caza*, que puxo en marcha a Federación Galega de Caza o pasado ano, publicará nos vindeiros días un estudo sobre a saúde do raposo en Galicia.

## SEGUE O ACOSO AOS CAZADORES DO RAPOSO

Ante a información aparecida nos últimos días nalgúns medios de comunicación sobre a caza do *raposo*, a Federación Galega de Caza con esta única nota informativa fai unhas precisións sobre a polémica xerada por determinados grupos ecoloxistas contra a caza desta especie.

A FGC pode entender, e por suposto respecta, posicións contrarias á caza en xeral, dende unha posición moral individual, e non ten problema en compartir inquietude con grupos ecoloxistas nalgunhas materias sobre protección e mesmo buscar puntos de encontro, tal é o caso lobo. Pero nos seus argumentos referentes á caza do *raposo* faltan absolutamente á verdade, e sobre mentiras non é posible construír realidades. A *orde de vedas*, da Consellería de Medio Ambiente, que determina as épocas hábiles de caza para a tempada 2008, no seu artigo 16.1.d) establece o período de caza do raposo ata o vindeiro 8 de febreiro, por tanto estas cacerías que conforman os campionatos oficiais previstos están, como non podía ser doutro xeito, dentro da tempada de caza desta especie.

A caza do raposo é un exemplo máis do exercicio da caza social en Galicia, con tradición ancestral nesta terra e que no século XXI fundaméntase na regulación das súas poboacións que a través dos correspondentes Plans de Aproveitamento Cinexético que establecen os parámetros de captura das distintas especies cinexéticas (xabaril, corzo, coello, ... e tamén raposo) ao tempo que serven para fomenta-los valores propios da caza e dar a coñece-los distintos recunchos de Galicia, achegando unha aportación socioeconómica ás zoas rurais.

Estas cacerías cumpren toda a normativa vixente para a caza en xeral, e ademais as estrictas normas da competición. Normas que en boa parte limitan máis a practica cinexética, reducindo o número de cazadores por cuadrilla (grupos de 10 cazadores e non 30 como poderían ser nunha cacería habitual), reducindo o número de cans a empregar, non permitindo os desprazamentos en coche na zoa de caza, e incorporando as figuras do guía e do xuíz, este último encargado de velar polo cumprimento da normativa.

Esta forma de caza en equipo, compartindo xornada e xantar con moitos cazadores, forma parte da esencia desa caza social que é un dos valores propios da caza na nosa terra, integrada fundamentalmente por xente do mundo rural, máis do 95% dos case 60.000 cazadores galegos teñen relación directa con el (o 70% viven nas nosas aldeas e outro 25% ten alí casa e bens que atenden cada semana), integrados dende sempre na natureza, onde viven e desenvolven a súas actividades e conforman un gran patrimonio natural galego.

Os estudos realizados pola USC coa colaboración da Federación Galega de Caza, e que se publicarán nos vindeiros días polo Observatorio da Caza, poñen de manifesto a boa saúde desta especie, que para nada se está vendo afectada pola actual presión cinexética, avalado polos datos científicos deste traballo. O estudo reflicte, entroutras moitas cousas, que a súa densidade actual, está 4 veces por enriba das poboacións estimadas como óptimas de raposos e a súa estrutura poboacional de xoves, adultos e xerontes amosa que o seu aproveitamento cinexético é o axeitado.



Respecto á súa caza, cabe aclarar que en Inglaterra segue permitida, só están prohibidas as batidas de raposo con xaurías e sen armas, onde os cans capturaban o raposo. Segue autorizada a súa caza con armas, igual que está en tódolos países europeos do noso entorno. No que respecta á súa caza en España está permitida en toda a península –en Baleares e Canarias non existen exemplares desta especie-. Galicia, Cantabria e Asturias son as únicas Comunidades do estado nas que só se caza con armas de fogo, pois nas restantes Autonomías empregan ademais as gaiolas trampa, lazos con freo e sen freo, cans de madrigueira e cepos. Non son aceptables polo tanto as críticas de “desfeita ambiental”, “grave desequilibrio das colonias de raposo”, “o único lugar do mundo onde se caza o raposo”, e outras moitas mentiras similares sobre as que se quere asentar esta campaña cíclica en contra da caza, que demostra unha vez máis o alonxados que están da realidade os que a promoven, ou acaso por qué se quere desprezciar, silenciar ou acubillar a un amplo colectivo de galegos, da aldea coma sempre, aos que queren estigmatizar por vivir na natureza de xeito diferente ao que eles promoven.

### A Caza do Raposo nas diferentes Autonomías.

Na táboa seguinte pode apreciarse o final da tempada de caza do raposo con escopeta e can, así como as modalidades de captura nas diferentes Comunidades Autónomas do Estado.

Autonomía	FINAL DA TEMPADA CAZA DO RAPOSO con escopeta e can	Métodos de caza do raposo					
		Armas de fogo	Gaiolas trampa	Lazo con freo	Lazo sen freno	Cans de madrigueira	Cepos
Andalucía	29 marzo	X	X	X	X		X
Aragón	1 febreiro	X	X	X		X	X
Baleares							
Canarias							
Cantabria	15 febreiro	X					
C. Mancha	8 febreiro	X	X	X		X	
C. León	15 febreiro	X	X	X		X	X
Cataluña	1 febreiro	X	X		X		
Extremadura	22 febreiro	X	X	X		X	
<b>Galicia</b>	<b>8 febreiro</b>	<b>X</b>					
A Rioxa	29 xaneiro	X	X	X		X	
Madrid	27 febreiro	X	X				
Murcia	11 xaneiro	X	X	X		X	
Navarra	28 febreiro	X		X			
País Vasco	31 xaneiro	X	X	X			
Asturias	15 febreiro	X					
Valencia	31 xaneiro	X	X	X			